




# TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



ÁMBITO MATEMÁTICO – segundo ciclo.Primeira actividade

<b>1. IDENTIFICACIÓN</b>	
<b>TÍTULO DA TAREFA:</b> "Elementos xeométricos no ALBORADA"	
<b>ETAPA:</b> Educación Primaria	<b>NIVEIS:</b> 3º e 4º
<b>ÁMBITO / ÁREAS:</b> Matemáticas/Lingua Galega, Lingua Castelá, Ed. Plástica e Visual e Ciencias Naturais e Sociais.	<b>PROFESORADO:</b> mestra encargada do ámbito no 2º ciclo
<b>DESCRIPCIÓN DA TAREFA</b> Partindo da mascota do ámbito matemático recoñecer nela diferentes elementos xeométricos (tipos de liñas, rectas e ángulos )para despois buscalos e recoñecelos no noso colexio.	
<b>XUSTIFICACIÓN</b> Traballamos os diferentes elementos( tipos de liñas, rectas e ángulos)xeométricos, xa que se atopan dentro dos contidos do 2º ciclo e vainos permitir mellorar a adquisición dos mesmos, partindo dunha realidade cercana ao alumnado.	
<b>CONTEXTO</b> Realizarase dentro do contexto de aprendizaxe de matemáticas.	



2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<b>Actividade previa:</b> formación de grupos heteroxéneos de 3 ou 4 persoas e asignación de roles.		
1. Presentación da mascota do ámbito matemático, recordar o nome elexido para ela polo alumnado na derradeira actividade do curso anterior. Despois a través dunha chuvia de ideas que nomeen os símbolos matemáticos polos que está formada e tentar asociar eses símbolos con elementos xeométricos.	<p><b>LC - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística. (OBX3)</p> <p><b>LG - CA2.6.</b> Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas de cortesía. (OBX3)</p>	Rexistro de observación
2. Partindo da asociación da actividade anterior traballar nun primeiro momento os tipos de liñas curvas (abertas - pechadas) e poligonais (abertas - pechadas). Facer a representación das mesmas mediante técnicas manipulativas utilizando distintos materiais: fíos, cordas, tiras de madeira .	<p><b>M - CA2.1.</b> Participar na repartición de tarefas, asumindo e respetando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. (OBX 8)</p>	Rúbrica

<p>Despois, buscalas no entorno inmediato e debuxalas.</p>	<p><b>M - CA2.5.</b> Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios. (OBX 5)</p>	
<p>3.Partindo tamén da primeira actividade, tentar relacionar algunha das asociacións que dixeron cos diferentes tipos de rectas. Dada a facilidade que ofrecen as rectas paralelas e secantes para aprender experimentando, animar ao alumnado que utilice e combine obxectos como lápices, cadernos, libros para construír rectas de ambos tipos. Despois buscalas polo colexio e debuxalas.</p>	<p><b>PC - CA1.4.</b> Realizar de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. (OBX1)</p> <p><b>M - CA3.1.</b> Traballar en equipo activa e respetuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relación saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. (OBX8)</p> <p><b>LG - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía</p>	<p>Rúbrica</p>

	lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. (OBX3)	
--	--	--



<p>4. Presentación do concepto de ángulo como cada unha das catro partes que resultan de dúas rectas que se cortan e a partir de esas rectas presentación dos seus elementos: amplitude, lados e vértice. Localización de distintos tipos de ángulos en obxectos e formas do entorno inmediato como é a aula (ángulo que forma a porta coa parede o que forma o marco da ventana coa parede...) Que vexan a frecuencia con que aparecen os ángulos tanto na natureza como nas construcións humanas. Aproveitamos para ver que non todos teñen a mesma amplitude e traballar os tipos de ángulos</p>	<p><b>M - CA1.8.</b> Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá. (OBX5)</p> <p><b>CCNN - CA4.5.</b> Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvido distintos roles que favorezcan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia. (OBX5)</p>	<p>Rexistro de observación</p>
---	---	--------------------------------

	<p><b>EPV - CA2.4.</b> Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. (OBX4)</p> <p><b>M - CA5.1.</b> Traballar en equipa activa e respetuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. (OBX8)</p>	Rúbrica
<p><b>Actividade de ampliación:</b> Potenciar o traballo cos sentidos, a creatividade e o traballo en equipo: pediremos a cada equipo que debuxe un obxecto ou algún tipo de construción (edificio, ponte...) despois de facelo que intercambien os debuxos. Cada equipo debe marcar no debuxo recibido, os lados, os vértices e a amplitude.</p>	<p><b>M - CA2.6.</b> Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá. (OBX5)</p>	Rúbrica
<p><b>Actividade de reforzo:</b></p>	<p><b>M - CA3.5.</b> Realizar conexións</p>	Rúbrica

Coa técnica do plegado de papel recoñecer diferentes tipos de rectas.	entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios. (OBX5)	
<b>CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA</b>		
Comprensión oral e escrita - Expresión oral e escrita - Elementos xeométricos - Tipos de liñas - Tipos de rectas - Ángulos, elementos e tipos - Habilidades plásticas - Creatividade - Traballo en equipo - Toma de decisións - Respecto polas opinións diferentes		

<b>3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA</b>				
<b>ACTIVIDADE</b>	<b>LUGAR DA ACTIVIDADE</b>	<b>AGRUPAMENTO</b>	<b>RECURSOS</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>Actividade previa:</b> formación de equipos e asignación de roles.	Aula ámbito matemático.	Inicialmente en gran grupo e despois en pequeno grupo (entre 3 e 4 membros)	Folios e útiles de escritura.	10 minutos
<b>1.</b> Presentación da mascota e recoñecemento nela de elementos xeométricos.	Aula ámbito matemático	Gran grupo	Mascota, folios e útiles de escritura	20 minutos



<b>2.</b> Tipos de liñas curvas e poligonais	Aula ámbito matemático e o entorno próximo.	Pequeno grupo	Fios, cordas, tiras de madeira, folios e útiles de escritura	50 minutos
<b>3.</b> Rectas secantes, paralelas e perpendiculares	Aula ámbito matemático e o entorno próximo.	Gran grupo Pequeno grupo	Lápices, cadernos, libros, lá e útiles de escritura.	50 minutos
<b>4.</b> Ángulos: elementos e tipos	Aula ámbito matemático e o entorno próximo.	Pequeno grupo	Lá, limpiapipas, palillos e elementos do entorno. Útiles de escritura.	50 minutos
<b>Actividade de ampliación:</b> Recoñecemento de ángulos e os seus elementos nun debuxo.	Aula ámbito matemático	Pequeno grupo	Debuxos de edificios	Actividades a realizar polos grupos que remataron as tarefas antes de tempo
<b>Actividade de reforzo:</b> Mediante a técnica do plegado	Aula ámbito matemático	Por parellas	Útiles de escritura.	Actividades a realizar polos grupos que

recoñecer diferentes tipos de rectas.				remataron as tarefas antes de tempo.
---------------------------------------	--	--	--	--------------------------------------

<b>4. AVALIACIÓN</b>		
<b>ASPECTOS A AVALIAR</b>	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
ALUMNADO (ensinanza-aprendizaxe)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA</li> <li>- ESCALA DE VALORACIÓN (Rúbrica)</li> </ul>	<p><b>Como?</b> mediante a observación directa e sistemática.</p> <p><b>Quen?</b> a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que intervenñen.</p> <p><b>Cando?</b> ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito matemático do 2º ciclo. Tameñ ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>- FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN (lista de cotexo)</li> </ul>	<p><b>Como?</b> Cumprimentando a ficha.</p> <p><b>Quen?</b> a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que intervenñen.</p> <p><b>Cando?</b> ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito matemático do 2º ciclo. Tameñ ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos</p>

DESEÑO DA TAREFA	- FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN (Lista de cotexo)	final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos  <b>Como?</b> cumprimentando a ficha. <b>Quen?</b> a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que intervenñen. <b>Cando?</b> ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito matemático do 2º Ciclo. Tameñ ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.
------------------	---	--

RÚBRICA						
ITEMS		4	3	2	1	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
TRABALLO EN EQUIPO	A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo.	LC - CA2.5. LG - CA2.6. LG - CA2.8
	B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e	Mostra interese por participar activamente e	Mostra interese por participar	Non mostra interese por participar no	LG - CA2.5. EPV- CA2.4. M - CA2.6.

		con concentración no traballo co grupo, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	M - CA2.1. M - CA3.1 CN - CA4.2
	C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuoso e non invasivo.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG - CA2.5 LG - CA2.8 EPV- CA2.4. M - CA2.6.
	D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervén nas quendas doutras persoas.	LG - CA2.5. LG - CA2.6.



ORGANIZACIÓN	E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	EPV- CA2.4. M - CA2.6. M - CA2.1. M - CA5.1. M - Ca3.1.  CCNN - CA4.5. PC - CA1.1.
COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirirlos e de inferir ideas e consecuencias a partir deles.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirirlos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirirlos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirirlos.	M - CA2.5. PC - 1.4.
	G. É QUEN DE COMPRENDER OS DIFERENTES TIPOS DE LIÑAS, RECTAS E ÁNGULOS E EXTRAPOLALOS A VIDA COTIÁ.	É quen de comprender os diferentes tipos de liñas, rectas e ángulos e extrapolalos a vida cotiá sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender en parte os diferentes tipos de liñas, rectas e ángulos e extrapolalo a vida cotiá sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender os diferentes tipos de liñas, rectas e ángulos e extrapolalo a vida cotiá con apoio docente	Non é quen de comprender os diferentes tipos de liñas, rectas e ángulos e extrapolalo a vida cotiá e mostra dificultade	LG - CA2.5.  M - CA1.8. M - CA3.5.

	H. É QUEN DE RECOÑECER OS DIFERENTES TIPOS DE LIÑAS, RECTAS E ÁNGULOS.	É quen de recoñecer os diferentes tipos de liñas, rectas e ángulos de forma autónoma, axeitada e planificada.	É quen de recoñecer os diferentes tipos de liñas, rectas e ángulos de forma autónoma, axeitada e planificada case sen apoio.	É quen de recoñecer os diferentes tipos de liñas, rectas e ángulos de forma autónoma, axeitada e planificada. con apoio docente	Non é quen de recoñecer os diferentes tipos de liñas, rectas e ángulos de forma autónoma, axeitada e planificada.	M - CA2.5. M - CA2.6. M - CA3.5. PC - CA3.1.
--	--	---	--	---	---	---

PRÁCTICA DOCENTE - ficha de recollida da información		
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).	SI	NON
Consegiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada .		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con NEAE.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		

<b>DESEÑO DA TAREFA - ficha de recollida da información</b>		
	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.		
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		
Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Os recursos utilizados foron axeitados á tarefa planificada.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		